

# A NOITE DO CAZADOR

Charles Laughton, 1955

# 1133

ESTREA EN NUMAX: 05.07.2023 | V.O.S.E. | 93 min

Logo de cometer un atraco no que morreron dúas persoas, Ben Harper regresa á súa casa e agocha o botín confiando o segredo aos seus fillos. No cárcere, antes de ser executado, comparte cadea con Harry Powell e en soños fala do diñeiro. Tras ser posto en liberdade, Powell, obsesionado por apoderarse do botín, vai á vila de Harper, namora á súa viúva e casa con ela.

«Un dos filmes máis perversos e fermosos da historia do cine»

Javier Rioyo, CINEMANÍA



# A NOITE DO CAZADOR

Charles Laughton, 1955

EUROPA  
CINEMAS  
Creative Europe MEDIA

## Love and Heat

Por Terrence Rafferty

*A noite do cazador* atópase entre os mellores filmes de terror xamais feitos e, se cadra, dentro deste selecto grupo, o máis norteamericano no seu espírito. Trata todos os venerables temas estadounidenses: o medo, o sexo, o diñeiro, a relixión. Os seus pequenos heroes atopan a salvación ao final dunha longa viaxe á deriva río abaixo, seguindo a vella idea nativa de atopar o camiño cara a algún lugar mellor.

Virxinia Oriental, tempo da Depresión, John e a súa irmá pequena Pearl quedan orfos e embarcan nun pequeno bote río abaixo para fuxir das poutas do seu padraastro Harry Powell (Robert Mitchum). No camiño son observados por todo tipo de seres que viven nas ribeiras: mouchos, coellos, ras, arañas... Cara ao final a salvadora dos nenos, unha anciá encarnada por Lillian Gish, mira a cámara e di: "É un mundo duro para as cousas pequenas". No filme todas as cousas, pequenas e humanas, saben cedo de máis o difícil que é o mundo. Cando John e Pearl dormen na fráxil embarcación sentímonos nas súas mentes, con soños nos que convive o terror cego coa doce esperanza.

(...) Mesmo para alguén con tanta experiencia no cinema e o teatro como Laughton, *A noite do cazador* presentaba algúns desafíos notables. A novela de Davis Grubb, de 1953, está escrita no que agora se coñece como gótico sureño, un estilo que na altura se relacionaba con sexo malsán, bebida barata, crenzas e relixións prohibidas... en definitiva algo exótico e pouco desexable para o público americano medio. Ao abordar este material inusual, Laughton tomou varias decisións brillantes, comezando pola elección do equipo. O guionista foi James Agee, xornalista e escritor criado en Tennessee, bo coñecedor da sensibilidade sureña e do traballo do pioneiro do cinema D. W. Griffith que, para Laughton, debía ser a pedra de toque para contar a historia. Griffith era o mestre do melodrama poético elevado e iso é o que Laughton quería para *A noite do cazador*. Contratou o excelente director de fotografía Stanley Cortez, que realizara nun brillante e imaxinativo branco e negro o segundo filme de Orson Welles, *O cuarto mandamento* (1942).

É como se Laughton decidise recuperar algo que o cinema tiña perdido, algo secreto, un feixe de cartas esquecidas dos nosos antepasados. Se cadra como medio para invocar o espírito do vello cinema, elixiu a Gish, a máis importante das actrices de Griffith, para o papel de gran defensora dos irmáns Harper. As secuencias do final do filme teñen un ton que se aproxima á reverencia. Laughton encádraa coa elocuencia sinxela da que gustaba Griffith, mirando a cámara co aire de autoridade dos grandes filmes de Griffith, *Lirios rotos* (1919) ou *As dúas tormentas* (1920).

(...) Quizais o aspecto máis radical e tamén o peor valorado d'*A noite do cazador* sexa o seu sentido do humor. Os filmes de terror máis convencionais esaxeran a solemnidade do mal. O monstro deste filme é tan malo que fai rir. Laughton e Mitchum tratan o mal coa indignidade que merece. E esa, quizais, sexa a razón pola que o filme fracasou na súa estrea, e que provocou que Laughton non dirixise máis filmes. Cos anos o filme medrou até considerarse unha obra maior do cinema. Hoxe, cando o mundo parece máis duro ca nunca e todos nos sentimos máis pequenos e vulnerables, se cadra chegou o momento para rir do mal.

Publicado en [criterion.com](http://criterion.com)  
Tradución do inglés.



Na librería  
NUMAX  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*La noche del cazador*,  
Charles Laughton.  
Metro Golden Mayer [DVD]

*Las dos tormentas (ed. especial)*,  
David Wark Griffith.  
MK2 [DVD]